ESTATUTOS

PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA

plataforma de organizacións de infancia galicia

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

Baixo o nome de Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, constitúese, ao amparo da lexislación vixente, unha Asociación de Persoas Xurídicas representando a súa respectiva organización,sen ánimo de lucro, con personalidade xurídicapropia e plena capacidade de obrar.

Artigo 2. Personalidade e capacidade

A Plataforma de Organizacións de lnfancia de Galicia rexerase polo disposto nos presentes Estatutos e polos acordos validamente adoptados. En segundo lugar, polas disposicións legais de carácter imperativo que lle afecten.

Artigo 3. Domicilio

A asociación establece o seu domicilio social na Casa das Asociacións de Benestar Social, na rúa Manuel María, nº6, localidade Santiago de Compostela, C.P. 15.705, sendo as sedes sociais das organizacións integrantes delegacións da mesma no territorio que se recoñezan os seus respectivos Estatutos.

Artigo 4. Ámbito de actuación

O ámbito de actuación será o do territorio galego, sen prexuízo de que se realicen actuacións estatais e internacionais, sempre sometidas á lexislación que proceda.

Artigo 5. Fins

1. O obxectivo xeral da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia é a protección e promoción dos Dereitos da Infancia, recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno (C.D.N.), do 20 de novembrode 1.989, ratificada polo Parlamento Español.Se entende por neno todo ser humano menor de dezaoito anos de idade, salvo que, en virtude da lei que lle sexa aplicable, alcanzase antes a maioría de idade.

2.Os obxectivos específicos son:

a) Impulsar as políticas xerais e sectoriais que estean dirixidas a incrementar o benestar da infancia, en especial daqueles nenos e nenas en situacións de risco individual e social.
b) Promover a igualdade de dereitos da infancia e da adolescencia respectando a súa diversidade, en especial da infancia tutelada pola administración, menores de idade con discapacidade, en situación de pobreza, colectivos minoritarios e vítimas de violencia de xénero.
c) Denunciar e facer un seguimento de todas as situacións de vulneración dos dereitos da infancia por parte das Institucións Públicas, do sector privado, dos particulares, dos medios de comunicación social (M.C.S.) ou da opinión pública.
d) Sensibilizar á sociedade para o coñecemento e o respecto dos dereitos da infancia.
e) Desenvolver o diálogo, a colaboración e a participación en todos aqueles organismos públicos e privados que teñen ou poidan ter influencia no benestar da infancia e na aplicación dos dereitos da infancia.

f) Promocionar a participación e o asociacionismo da infancia de todas aquelas organizacións comprometidas na aplicación dos dereitos da infancia e na calidade de vida dos nenos e nenas.
g) Facilitar o diálogo entre organizacións de infancia de Galicia xerando presenza, opinión e participación das organizacións de infancia na realidade social e situando á infancia como suxeito activo de dereitos segundo a C.D.N.
h) Coñecer a realidade da infancia na Comunidade Autónoma de Galicia.
i) Favorecer a coordinación entre asociacións que traballan por/para ou coa infancia.
j) Promover o desenvolvemento integral da infancia e adolescencia do ámbito rural, fomentando un vínculo activo e sostible co seu entorno, que fortaleza a súa identidade local promovendo o cambio fronte aos desafíos climáticos.
k) Formar parte e designar representantes ante a Plataforma de Organizaciones de Infancia de España, así como en calquera outro organismo dos que forma parte.

CAPÍTULO II DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 6. Persoas asociadas

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia está formada por entidades sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, cuxos obxectivos específicos e actividades esteanacordes cos fins da Plataforma.

Artigo 7. Requisitos

Para poder ser membro de pleno dereito da Plataforma as entidades deberán cumprir os seguintes requisitos:
a) Que se trate de organizacións que traballan coa infancia ou para a infancia, con actividade acreditada nos últimos dous anos na Comunidade Autónoma de Galicia.
b) Que, independentemente do seu ámbito territorial (ben sexa Estatal, Autonómico e/ou Local), desenvolvan a súa labor na Comunidade Autónoma de Galicia.
c) Que se atope constituída legalmente cunha antigüidade de polo menos dous anos.

Con todo, poderán ser membros observadores da Plataforma aquelas organizacións de infancia que non reúnan algún dos requisitos contidos nos apartados b) e c) e sexan admitidas pola Asemblea Xeral.

Artigo 8. Dereitos

As entidades membro desta Plataforma terán os seguintes dereitos:
a) Exercitar o dereito de voz e voto na Asemblea Xeral.
b) Participar nas actividades organizadas para todos os membros.
c) Elixir e ser elixida nos órganos de dirección da Plataforma.
d) Recibir as comunicacións e informacións sobre as actividades de acordo cos fins da Plataforma.

e) Posuír un exemplar dos Estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos de goberno.
f) Presentar suxestións ou mocións á Xunta Directiva da Plataforma.
g) Acollerse aos servizos que a Plataforma posúa.
h) Aqueloutros que se establezan no Regulamento de Réxime Interno.

Os membros observadores poderán asistir á Asemblea Xeral, aínda que non terán voto na mesma.

Tamén terán os dereitos contidos nos apartados b), d), e) e g). En todo caso os membros observadores nunca poderán forma parte dos órganos de goberno da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia.

Artigo 9. Obrigacións

1.Serán obrigacións de todas as entidades membro:
a) Participar nas actividades da Plataforma.
b) Abonar as cotas que estipule a Asemblea Xeral.
c) Cumprir o disposto nos presentes Estatutos e no Regulamento de Réxime Interno.
d) Comunicar á Plataforma calquera cambio que afecte aos fins e obxectivos que asumiu para pertencer á mesma.
e) Cooperar en todo momento para o cumprimento dos fins da Plataforma.
f) Asumir os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral.
g) Desempeñar as obrigacións inherentes ao cargo que desempeñen.
h) Aqueloutras que se poidan establecer no Regulamento de Réxime Interno.

Todos os membros da Plataforma teránobrigación de abonarunha cota, cuxa contía deberá aprobar a Asemblea Xeral nos termos que consideren adecuados para o seu correcto funcionamento.

2.Os membros observadores desta Plataforma terán as obrigas establecidas nos apartados a), b), c), d), e), f) e h) do artigo 9.1.

Artigo 10. Peticións de admisión

Para ser membro da Plataforma, a entidade solicitante presentará a súa petición de admisión á Asemblea acompañada de cantos documentos se especifiquen no Regulamento de Réxime Interno. A admisión deberá ser acordada pola Asemblea Xeral.

Así mesmo, a Xunta Directiva poderá propoñer á Asemblea Xeral a incorporación á Plataforma das entidades que considere que deberían pertencer á mesma.

Artigo 11. Perda da condición de persoa asociada

A calidadede entidade asociadapérdese:
a) A petición propia. Con todo iso non a excluirá de satisfacer as obrigacións que teña pendentes coa Plataforma.

b) Cando concorra algunha das seguintes causas:

1. Que estea constatado que a entidade asociada realice ou induza a realizar actividades contrarias aos fins da Plataforma.
2. Por disolución da entidade asociada.
3. Por falta de pagamento das cotas mínimas ás que veña obrigada.
4. Que a entidade asociada incumpra reiteradamente os deberes establecidos no artigo 9 destes Estatutos.
5. Que a entidade asociada incumpra gravemente os presentes Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12. Organización da asociación

Os órganosde goberno da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia son:

a) Asemblea Xeral.
b) Xunta Directiva.

Artigo 13. Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da Plataforma. Está composta por todas as entidades membro da Plataforma e polos membros da Xunta Directiva. Os seus acordosobrigan a todos os seus membros.

Artigo 14. Reunións: clases e convocatoria

As Asembleas Xerais serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase ao menos unha vez ao ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio. As extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha terceira parte das entidades membro.

Artigo 15. Facultades da Asemblea Xeral Ordinaria

Serán competencias da AsembleaXeral Ordinaria:

a) Definir a política xeral da Plataforma.
b) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
c) Examinar e aprobar a memoria anual de actividades, a memoria económica e os orzamentos da Plataforma.
d) Fixar as cotas das entidades membro.
e) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva ou das entidades membro en orde ás actividades da Plataforma.
f) Deliberar, se procede, sobre cantas cuestións someta á súa consideración a Xunta Directiva ou unha terceira parte das entidades membros da Plataforma.
g) Calquera outro asunto que pola súa importancia sexa preciso someter á Asemblea, ou que non sexa de competencia exclusiva da Asemblea Xeral Extraordinaria.
h) Aqueloutras que lle atribúa o Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 17. Adopción e acordos

Cada entidade de pleno dereito terá un voto nas votación que se realicen nas asembleas xerais.

Os acordos tomaranse por maioría simple das entidades presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Todos os acordos da Asemblea Xeral Extraordinaria deberán ser aprobados por dous terzos das entidades presentes ou representadas, que resultará candoos votos afirmativos superen os dous terzos destas.

Artigo 18. Reunións: clases e convocatoria

1. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por correo electrónico expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos para tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar polo menos trinta días naturais, podendo así mesmo facerse constar se procedese a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a 30 minutos. A orde do día e demais documentos deberán ser remitidos ás entidades membros coa suficiente antelación.

2. As Asembleas poderán realizarse presencialmente ou de maneira virtual, sendo posible a participación dalgúns/as delegados/as en liña cos mesmos dereitos que seesta fose presencial e así se determinase. O criterio para adoptar a modalidade e a posibilidade de participar virtualmente será decidido pola Xunta Directiva e aparecerá expresado na convocatoria da Asemblea; deberase remitir xunto coa documentación da Asemblea Xeral toda a información relativa ao procedemento para garantir a participación.

Artigo 19. Constitución e quórum de convocatoria

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representadas, a maioría das entidades membro. En segunda convocatoria, quedarán validamente constituídas cando concorran, presentes ou representadas, un terzo das entidades membro.

Artigo 20. A Xunta Directiva: composición

1. A Plataforma será xestionada e representada por unha XuntaDirectiva formada polo menos por: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría Xeral, Tesourería e tantas vicepresidencias e vogalías como se establezan.

Os cargos da Xunta Directiva serán ostentados por persoas físicas das entidades membro de pleno dereito, debendo estas designar a súa candidata.

2. O tempo de mandatodos membros da Xunta Directivaserá de tres anos. Os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría Xeral e Tesourería poderán ser elixidosno mesmo cargo ata completar un máximo de dous mandatos. O tempo máximo de permanencia como membro da Xunta Directiva será de ata un máximo de tres mandatos consecutivos.

3. Osmembros que compoñena Xunta Directiva non estaránremunerados en funcióndo seu cargo.

Artigo 21. Reunións e acordos

A Xunta Directiva reunirase, polo menos, unha vez cada tres meses.Os seus acordos adoptaranse por maioría simple, quedando validamente constituída cando concorran presentes ou representados a metade dos seus membros.

Artigo 22. Facultades da xunta directiva

Corresponde á Xunta Directiva:

a) Executar os acordos da Asemblea Xeral.

b) Asumir con carácter colexiado a representación institucional.

c) Crear as comisións ou os grupos de traballo que estime convenientes.

d) Dirixir e coordinar as comisións e grupos de traballo creados pola Asemblea Xeral e por ela mesma.

e) Aceptar donativos, legados e doazóns, así como herdanzas a beneficio de inventario.

f) Realizar toda clase de negocios xurídicos e contratos, respectando sempre os fins da Plataforma.

g) Acordar os cobros e pagos que sexan necesarios para o funcionamento da Plataforma, respectando sempre os fins da mesma.

h) Convocar as reunións da Asemblea.

i) Propoñer á Asemblea Xeral a incorporación e a perda da calidade de entidade asociada.

j) Elaborar e remitir á Asemblea Xeral o borrador da memoria anual de actividades, a memoria económica e os orzamentos da Plataforma.

k) Dirixir a xestión dos recursos económicos da Plataforma.

l) Acordar as tarefas que deben realizar as vogalías.

m) Aprobar as delegacións que realice a Presidencia das súas propias funcións.

n) Aqueloutras que lle atribúa o Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 23. Presidente/a

Son funcións da Presidencia:

a) Convocar e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, así como a presidencia das mesmas.

b) Representar á Plataforma ante todo tipo de autoridades, tribunais e órganos públicos e privados.

c) Supervisar o cumprimento dos acordos da Asemblea e da Xunta Directiva.
d) Dar o visto e prace ás actas e certificados levantados pola Secretaría Xeral.
e) Dar o visto e prace aos cobros e pagos acordados pola Xunta Directiva e pola Asemblea Xeral.
f) Impulsar as comisións e grupos de traballo creados pola Asemblea Xeral e pola Xunta Directiva.
g) Outorgar en nome da Plataforma toda clase de escrituras, documentos públicos e privados e realizar todo tipo de negocios xurídicos.
h) Adoptar as medidas de carácter urxente que considere necesarias para o bo goberno e administración da Plataforma, dando conta inmediata á Xunta Directiva.
i) Delegar por escrito, sempre que sexa necesario, calquera das competencias anteriores co coñecemento e aprobación da Xunta Directiva.
j) Aqueloutras que lle atribúa o Regulamento de Réxime Interno.
k) Velar polo cumprimento dos fins da asociación.

Artigo 24. Vicepresidente/a

Son funciónsda vicepresidencia:
a) Substituír á Presidencia en caso de delegación, ausencia, enfermidade, abstención ou vacante.
b) Axudar á Presidencia na realización das súas funcións, sempre que llas encargue.
c) Asumir as funcións que expresamente lle delegue a Presidencia.
d) Aqueloutras que lle atribúa o Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 25. Secretario/a

Son funciónsda Secretaría Xeral:
a) Intervir como tal nas reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
b) Redactar as actas correspondentes, que asinará coa Presidencia, así como as certificacións que fagan referencia aos libros e documentos da Plataforma.
c) Levar ao día o rexistro de entidades asociadas, anotando as altas e baixas que se produzan.
d) Custodiar os libros, documentos, arquivos e demais documentación administrativa.
e) Expedir co visto e prace da Presidencia as certificacións que sexan solicitadas polas persoas interesadas.
f) Aqueloutras que lle atribúa o Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 26. Tesoureiro/a

Son funciónsda Tesourería:
a) Executar os acordos referentes á xestión dos recursos económicos aprobados pola Xunta Directiva.
b) Asinar, xunto coa Presidencia, os recibos e documentos de pago.
c) Efectuar os cobros e os pagos, co visto e prace da Presidencia.

a) Informar á Xunta Directiva da situación económica e de todo o que se refira á Administración da Plataforma periodicamente e cada vez que llo pida.
b) Custodiar os libros e documentos de contabilidade.
c) Aqueloutras que lle atribúa o Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 27. Vogais
Son funciónsdas vogalías:
a) Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
b) Asumir as tarefas acordes cos acordos da Asemblea e da Xunta Directiva.
c) Aqueloutras que lle atribúa o Regulamento de Réxime Interno.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28. Patrimonio inicial
A Plataforma ao constituírse, non posúe patrimonio fundacional.

Artigo 29. Recursos económicos
Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades da Plataforma serán os seguintes:
a) As cotas satisfeitas polas entidades membro acordadas pola Asemblea Xeral.
b) Os bens e dereitos propios.
c) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan en propiedade.
d) As subvencións, legados e doazóns, donativos e premios que se realicen no seu favor.
e) Os ingresos que acorde á Xunta Directiva ou á Asemblea Xeral, estean de acordo cos fins da Plataforma.
f) Calquera outra achega que se obteña para ser destinada ao cumprimento dos seus fins.

O orzamento axustarase ao financiamento das actividades, segundoos acordos tomadosna Asemblea Xeral.

Artigo 30. Contas anuais
O exercicio asociativo e económicoserá anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 31. Regulamento de Réxime Interno
Por acordo da asemblea xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN, DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 32. Modificación

Os presentes Estatutos poderán ser modificados seguindo o procedemento establecido para o efecto na lexislación vixente.

Artigo 33. Disolución

A Plataforma poderá ser disoltapolas seguintes causas:

a) En virtude de acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria.
b) Polas causas establecidas na lexislación vixente.
c) Por sentenza xudicial.
d) Despois de esgotados os prazos de tres comisións xestoras continuadas.

Artigo 34. Liquidación

No caso de disolverse a Plataforma, a Asemblea nomeará unha comisión liquidadora, composta por cinco membros, a cal se fará cargo da xestión dos fondos e das obrigacións existentes.

Unha vez satisfeitas as obrigacións pendentes, a Asemblea Xeral acordará destinaro remanente, se o houbese, para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa, concretamente a actividades a favor dos dereitos da infancia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo,reguladora do Dereitode Asociación, e as disposicións complementarias.

DILIXENCIA FINAL

Mónica Viqueira Martínez, titular da Presidencia, e Julio Barreiro González titular da Secretaría da Asociación Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificación acordadas na Asamblea Xeral Extraordinaria celebrada en data tres de marzo do dous mil vinte e seis, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

plataforma de organizacións de **infancia** *galicia*

ww.infanciagalicia.org

SEDE

Rúa Manuel María Nº6, Santiago de Compostela, 15705, A Coruña

CONTACTO

secretariatecnica@infanciagalicia.org
teléfono: 747491242

A súa voz é a nosa

@infanciagalicia